



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Xestión pública no século XXI: dos paradignas

Materia	Xestión pública no século XXI: dos paradignas			
Código	P04M125V11112			
Titulación	Máster Universitario en Dirección pública e liderado institucional			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Varela Álvarez, Enrique José Mahou Lago, Xosé María			
Profesorado	Mahou Lago, Xosé María Varela Álvarez, Enrique José			
Correo-e	evalvarez@uvigo.es xmahou@uvigo.es			
Web	<a href="http://https://masterdireccionyliderazgo.webs.uvigo.es/profesorado/">http://https://masterdireccionyliderazgo.webs.uvigo.es/profesorado/</a>			
Descrición xeral	<p>Sen xestión pública non hai democracia e benestar efectivo. E sen un marco democrático apoiado nun sistema institucional ético, aberto, transparente, xusto, solidario, sostible e inclusivo, resulta difícil que os sistemas multinivel e intergubernamentais que se crean a partir dos Estados e os seus diferentes entramados sexan capaces de afrontar os retos complexos planetarios e locais aos que se enfrontan as democracias no século XXI. A xestión pública, en consecuencia, debe ser estudada en chave de pensamento institucional e acción pública, de ética e de acción en rede.</p> <p>A gobernanza en rede é o paradigma que axuda a comprender o contexto e a continxencia duns sistemas institucionais sometidos a crises, epidemias e pandemias de diverso tipo e intensidade exponencial. Pero sen pensamento institucional non hai acción pública, nin innovación, nin excelencia, nin calidade, nin calqueira outro enfoque o axectivo que se lle poida engadir a un "management" público que reclama coñecemento tanto das teorías clásicas como das máis pos-institucionais.</p> <p>Na presente materia orientarase a aprendizaxe crítica das fontes académicas clásicas da xestión pública, así como de aquelas outras máis innovadoras e híbridas do marco da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Todas elas deben ser integradas nun marco lóxico que teña como obxectivo axudar ao alumnado a conseguir comprender a complexidade das institucións e organizacións públicas, así como a rede interinstitucional que debe cooperar para conseguir actualizalas democracias e a xestión de políticas e servizos públicos éticos, sostibles e inclusivos.</p>			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo
B1	Capacidade de fomentar, en contextos académicos e profesionais, o avance do coñecemento no campo da xestión pública a través dunha investigación orixinal
B6	Habilidade para deseñar, crear, desenvolver e emprender proxectos innovadores no ámbito da xestión pública e das ciencias sociais en xeral
B7	Capacidade para xerar novas ideas (creatividade) que permita o avance do coñecemento da xestión pública
C7	Coñecer as principais paradigmas e enfoques teóricos tanto clásicos como actuais sobre dirección e xestión pública baixo unha perspectiva interdisciplinar, de forma sistemática e profunda

C9	Proporcionar, no curso dunha investigación, unha perspectiva teórica novidosa para entender e explicar un fenómeno do ámbito da dirección e xestión pública
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria
D2	Capacidade para comunicarse en lingua galega
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos
D5	Capacidade de crítica e auto-crítica
D6	Capacidade de traballo en equipo interdisciplinar
D8	Habilidade de aprendizaxe autodirixido e traballo autónomo no campo das ciencias sociais

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Capacidade de fomentar, en contextos académicos e profesionais, o avance do coñecemento no campo da xestión pública a través dunha investigación orixinal	B1
Habilidade para deseñar, crear, desenvolver e emprender proxectos innovadores no ámbito da xestión pública e das ciencias sociais en xeral	B6
Capacidade para xerar novas ideas (creatividade) que permita o avance do coñecemento da xestión pública	B7
Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación	A1
Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades	A4
Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo	A5
Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria	D1
Capacidade para comunicarse en lingua galega	D2
Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos	D3
Capacidade de crítica e auto-crítica	D5
Habilidade de aprendizaxe autodirixido e traballo autónomo no campo das ciencias sociais	D8
Capacidade de traballo en equipo interdisciplinar	D6
Coñecer as principais paradigmas e enfoques teóricos tanto clásicos como actuais sobre dirección e xestión pública baixo unha perspectiva interdisciplinar, de forma sistemática e profunda	C7
Proporcionar, no curso dunha investigación, unha perspectiva teórica novidosa para entender e explicar un fenómeno do ámbito da dirección e xestión pública	C9

### Contidos

Tema	
1. Introducción á Xestión e Gobernanza Pública	1.1. "Clásicos" da xestión e gobernanza pública: do século XX ao século XXI 1.2. Que supón a xestión e gobernanza pública no século XXI?: Das "3es" do xerencialismo ás "3es" da gobernanza no marco da Axenda 2030
2. Aproximación crítica á Xestión e Gobernanza Pública na terceira década do século XXI	2.1. Crítica á Xestión Pública e límites da Gobernanza Pública para un mundo complexo 2.2. A construción dun modelo de Xestión-Gobernanza Pública: Dos datos ás evidencias científicas para mellorar a toma de decisións nos asuntos públicos 2.3. Como desenvolver un modelo de Gobernanza Pública crítica para mellorar a democracia?

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	6	0	6
Traballo tutelado	0	80	80
Resolución de problemas	0	34	34
Foros de discusión	0	10	10
Debate	0	20	20

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

Descrición

Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias etc
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Foros de discusión	Actividades desenvolvidas nun contorno virtual na que se debaten temas diversos e de actualidade relacionados co ámbito académico e/ou profesional.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual)
Resolución de problemas	Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual)

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	É un texto elaborado sobre un tema e debe redactarse seguindo unhas normas establecidas.	40	A1 A4 A5	B1 B6 B7	D6	
Resolución de problemas	Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor.	40		B6	C7 C9	D1 D2 D3 D5
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...	20	A4	B7	C7 C9	D1 D3 D5 D6 D8

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación será preferentemente continua, o estudantado que renuncie á avaliación continua poderá optar pola avaliación global. Deberá comunicalo ao docente no prazo establecido.

- A información sobre as actividades evaluativas estará dispoñible no espazo da materia no campus virtual, baixo a etiqueta [Avaliación] de cada tema.
- O alumnado terá opción a presentarse á convocatoria extraordinaria (segunda convocatoria) a partir da adaptación que destas actividades realice o docente e cuxo contido será colgado da plataforma.
- Será requisito necesario para o desenvolvemento da materia que o profesorado da mesma poida dispoñer dunha FOTOGRAFÍA actualizada\* do alumnado que deberán subir á plataforma a comezos de curso, e sempre antes do día 30 de setembro.

(\*) A única finalidade do tratamento deste dato é que o profesorado da materia poida verificar a identidade do alumnado matriculado na mesma.

*A base de lexitimación para o tratamento deste dato realízase en aplicación do disposto no artigo 6.1e) do RXPd no que o tratamento é necesario para o exercicio dos poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento baseados no artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 25.7 do RD 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario. O acceso á imaxe e aos datos persoais do alumnado só é permitido ao profesorado de cada materia para a realización das actividades académicas*

indicadas nesta guía docente e non serán utilizados nin divulgados para ningunha outra finalidade, debendo gardar o correspondente deber de confidencialidade dos mesmos.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Eloisa del Pino y César Colino, **¿Qué sabemos sobre cómo reformar la administración?: contenidos, capacidad y trayectorias**, Primera, INAP, 2021

Enrique José Varela Álvarez, **La experiencia de la modernización administrativa en Portugal. Algunas lecciones para las instituciones públicas españolas post-Covid-19**, Primera, Documentación Administrativa, 2020

Joan Subirats, **Los dilemas de la gobernanza en un escenario de globalización**, Primera, Universidade de Vigo, 2019

Carles Ramió Matas, **La necesidad de una política institucional más global por un bienestar planetario**, Primera, Universidade de Vigo, 2019

Ramón Bouzas Lorenzo, **Teoría de la organización y gestión pública: interpretaciones, explicaciones y desafíos emergentes**, Primera, Universidade de Vigo, 2019

Enrique José Varela Álvarez y Joaquim Filipe Ferras Estéves de Araújo, **Cooperación Institucional o ¿cómo gestionar redes y partenariados en el ámbito público?**, Primera, Tirant lo Blanch e INAP, 2018

Fernando Jaime y Penélope Vaca Avila, **Las políticas basadas en evidencia como plataformas para la innovación de políticas públicas**, Volumen 2, Estado Abierto, 2017

Carles Ramió Matas, **Teoría de la Organización y Administración Pública**, Primera, Tecnos, 1999

Quim Brugué, Joan Subirat, **Lecturas de gestión pública / [selección de textos, Quim Brugué, Joan Subirats]**, Primera, INAP, 1996

Xabier Ballart y Carles Ramió, **Teoría de la Organización (Volumen I)**, Primera, Ministerio para las Administraciones Públicas, 1993

Peter Aucoin, **Teoría de la Organización y Administración Pública**, Primera, Ministerio para las Administraciones Públicas, 1993

### **Bibliografía Complementaria**

Víctor Lapuente y Kohei Suzuki, **Politicization, Bureaucratic Legalism, and Innovative Attitudes in the Public Sector**, Volumen 80, Public Administration Review, 2020

Enrique José Varela Álvarez, **Innovación en la selección de personal: nuevos marcos "post-institucionales" para captar y retener el talento en las grandes ciudades españolas**, Primera, Wolters Kluwer, 2019

Quim Brugué y Ricard Gomà, **NUEVAS FORMAS DE GOBERNAR: LÍMITES Y OPORTUNIDADES**, Primera, CIDOB, 2009

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Métodos de investigación na xestión pública/P04M125V11213

Traballo Fin de máster/P04M125V11214

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Ética e transparencia no sector público/P04M125V11115

Unión Europea: Institucións e políticas/P04M125V11113

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Política e ciencia política/P04M125V11111

Políticas públicas e estado de benestar/P04M125V11211